A Historia da Literatura Galega 17

A xeración do 36 e a promoción de enlace

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- **Un proxecto editorial de Era Publicaciones, S.L.**
- **Coordinador xeral:** José Antonio Ponte Far

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Fundación Luís Seoane, Fundación Celso Emilio Ferreiro, Ediciós do Castro, Malpica en Fotos (de Xurxo Alfeirán Chouciño), Arquivo do Reino de Galicia (Colección fotográfica nº 2303), Colección Caixanova e Museo de Pontevedra

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1607-2010
ISBN: 978-84-96561-40-3

A Historia da Literatura Galega 17

A XERACIÓN DO 36 E A PROMOCIÓN DE ENLACE

La Voz de Galicia

ÍNDICE

7 1. PANORAMA HISTÓRICO, SOCIAL E CULTURAL

28 1.1. Emilio Pita

30 1.2. Luís Seoane

32 1.3. Lorenzo Varela

41 2. A XERACIÓN DO 1936

47 3. CELSO EMILIO FERREIRO

49 3.1. Obra poética

59 4. A PROMOCIÓN DE ENLACE

O 18 de xullo de 1936 a insurrección militar capitaneada polo xeneral Franco alzouse contra a República. Na foto, detalle dun monumento en Salamanca

1 PANORAMA HISTÓRICO, SOCIAL E CULTURAL

Cando en 1936, o 18 de xullo, a insurrección militar capitaneada polo xeneral Franco álzase contra a República, ábrese un negro capítulo da historia de España. E Galicia vai empezar a vivir xa de inmediato a súa cota de sufrimento. Desde dous días despois, exactamente o 20 de xullo varios mandos militares adhírense ao alzamento nacional, co cal todas as Forzas Armadas aquí situadas póñense do lado insurxente. E con estas empezaron xa moi pronto os xuízos sumarísimos contra demócratas republicanos de ideoloxía liberal, progresista e nacionalista. Os «paseos» –eufemismo co que os fascistas se referían aos fusilamentos e execucións dos detidos– sucedíanse en todas as

poboacións de Galicia e, sobre todo, entre a xente que, uns días antes, celebrara con xúbilo a aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía. O terror e o medo a ser represaliados impóñense en Galicia. Unha parte da poboación opta por escapar ao exilio a través da fronteira con Portugal, e outra opta pola resistencia armada, facendo dos montes galegos o seu hábitat natural de resistencia. Son os lendarios fuxidos, que desde o principio confían en que a desexada vitoria dos aliados sobre o nazismo

O temor ás represalias fixo que moitos galegos escapasen ao exilio a través da fronteira con Portugal

na Segunda Guerra Mundial lles sexa propicia á súa causa. Desgraciadamente, o desenlace que eles previan favorable acabou converténdose para todos nunha frustración definitiva. Como xa sabemos, a xunta militar que derrocou á Segunda República acabará converténdose, a partir de 1939, nunha ditadura militar, co xeneral Franco á fronte. Esta nova forma de Estado prolongarase ata a morte do ditador, en 1975.

O PROXECTO DE ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA DE 1936

➜ O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936 foi un proxecto redactado durante a Segunda República, plebiscitado o 28 de xuño de 1936, pero que non chegou a entrar en vigor debido ao estalido da Guerra Civil, dado que Galicia quedou en mans dos sublevados dende o seu inicio. Aínda que no momento da proclamación da República existían correntes galeguistas, fundamentalmente en medios intelectuais, non había partidos políticos nacionalistas propiamente ditos. En 1929 xurdiu a Organización Republicana Galega Autónoma, ligada nas súas orixes ás Irmandades da Fala coruñesas e liderada por Santiago Casares Quiroga e Antón Vilar Ponte, cun programa federalista que se concretou no pacto de Lestrove (26 de marzo de 1930) coa creación da Federación Republicana Galega, a cal aparecía demasiado ligada ao republicanismo estatal. En decembro de 1931 créase o primeiro partido abertamente nacionalista, o Partido Galeguista, liderado por Castelao. O camiño cara á autonomía comezou en maio de 1931,

La Voz de Galicia

LA ACTUALIDAD

Ayer quedaron aprobadas en dos sesiones, las bases del Estatuto político de la región

MADRID

Primeira páxina do xornal *La Voz de Galicia* de xuño de 1931 onde se informa da aprobación das bases do Estatuto galego

cando o Seminario de Estudos Galegos elaborou un proxecto de estatuto no que Galicia era definida como un estado libre dentro da República, que non foi aceptado polas forzas maioritarias galegas. O mesmo destino correron outros proxectos, como o texto elaborado polos parlamentarios galegos nas Constituíntes. Finalmente, en abril de 1932, o alcalde republicano de Santiago de Compostela, Raimundo López Pol, impulsou un movemento municipalista en favor da autonomía. En xullo levouse a cabo unha asemblea de municipios na que se acordou constituír unha comisión redactora. A comisión compoñíana, entre

outros, Salvador Cabeza de León (ex alcalde de Santiago e decano da Facultade de Dereito da USC), Manuel Iglesias Corral (alcalde da Coruña), Eladio Rodríguez (presidente da Real Academia Galega), Manuel Lugrís Freire (académico numerario da RAG) e Alexandre Bóveda (membro do Partido Galeguista). O anteproxecto debateuse nunha nova asemblea na que se aprobou o documento definitivo co apoio do 77% dos municipios galegos, que representaban ao 84,7% da poboación. O 28 de xuño de 1936 celebrouse o plebiscito do estatuto, participando o 74,56% do censo electoral, con 993.351 votos a favor e 6.161 en contra. Naquel momento, o galego Santiago Casares Quiroga era o presidente do Goberno da Segunda República. O 15 de xullo de 1936 Gómez Román e Castelao entregaron ao presidente das Cortes o texto do estatuto saído do referendo para o inicio dos trámites para a súa aprobación. Non obstante, non chegou a entrar en vigor debido ao estalido da Guerra Civil, aínda que as Cortes o aceptaron a trámite en 1938, sen que puidese chegar máis lonxe.*

La Voz de Galicia

Felicitación de Hitler al CAUDILLO

EN EL VI ANIVERSARIO DEL GLORIOSO ALZAMIENTO
el Caudillo preside el Consejo Nacional de la Falange

HAN SIDO CREADAS LAS CORTES DE ESPAÑA

«Siguiendo las líneas del Movimiento Nacional, asegurarán la colaboración de todos los españoles en las tareas del Estado»

S. E. el Jefe del Estado
expuso la enorme labor realizada por nuestra reconstrucción

El Jefe del Estado proclama ante el Consejo Nacional la ley de creación de las Cortes Españolas

Discurso del Generalísimo

«España puede movilizar hasta tres millones de hombres. En ellos descansa nuestra seguridad y el mantenimiento de nuestro derecho»

EDITORIALES
UNA FIRME TRAYECTORIA

Entrega de los mandos
V. EGEN DEL CARMEN

Presidió el acto el Ministro de Marina

Instalada xa a ditadura militar, esta nova forma de Estado prolongouse ata a morte do xeneral Franco, en 1975. Primeira páxina de *La Voz de Galicia* de xullo de 1942

O Goberno de Franco logra, durante a Segunda Guerra Mundial (1939-1945), manterse neutral. A partir de 1942 inicia un achegamento aos EE.UU. pero aínda así, ata os primeiros anos cincuenta España atópase illada do resto do mundo, sobrevivindo grazas aos seus propios recursos, que son poucos e moi deteriorados, polo que se estende polo país a fame e a miseria. En Galicia a principal fonte de subsistencia é o sector primario (agricultura e pesca).

Na década dos sesenta empézase a vivir en Galicia un dobre fenómeno social, relacionado moi intimamente: por unha banda, o mundo rural galego comenza a mecanizarse con explotacións agrarias facilitadas pola concentración

Foucellas (á esquerda), natural de Curtis, e O Piloto, morto pola Garda Civil en 1965, foron lendarios guerrilleiros ou fuxidos da época do réxime

Nos anos sesenta prodúcese un éxodo cara a cidades como Ferrol e Vigo, cunha industria naval florecente

parcelaria, co que comeza a consolidarse unha industria agraria galega, e por outro, hai un éxodo notable cara a cidades como Ferrol e Vigo, cunha industria naval florecente. Tamén segue o fluxo da emigración, agora a países europeos, animados pola fortaleza da moeda desas democracias industrializadas. Prodúcese, pois, un lento proceso de abandono do campo e do medio rural cara á cidade, e o nacemento dunha pequena burguesía urbana, así como dun sector obreiro máis nutrido e concienciado. Este panorama social, que empezou a deseñarse nos anos sesenta, alóngase ata a actualidade. Cando en 1975 morre

Franco, iníciase unha nova etapa na historia de España e, polo tanto, de Galicia. A transición á democracia trae a aprobación dun Estatuto de Autonomía que introduciu unha serie de cambios na vida política e social en Galicia. O ingreso de España na Comunidade Económica Europea (1985) tamén carrexou notables cambios na economía do país; aínda que non todos positivos, si que axudaron a situar á economía galega na liña da competencia do libre mercado.

O rural galego empézase a mecanizar grazas á concentración parcelaria e consolídase unha industria agraria

Os fuxidos da Guerra Civil

➜ A Guerra Civil rematou oficialmente o 1 de abril de 1939, pero en Galicia houbo enfrontamentos con armas ata os anos cincuenta entre as forzas represivas do réxime e os resistentes antifranquistas. Os propios guerrilleiros, vestidos con uniforme militar, coa bandeira galega e unha estrela vermella, presentábanse ao pobo como soldados da República. Hai varias etapas, unha primeira data de finais de xullo de 1936, cando se produce a sublevación na Coruña e nas principais cidades galegas, e se completa a sustitución das autoridades locais. A segunda etapa vai desde agosto de 1936 ata abril de 1939, cando Galicia subministra homes e recursos para vencer á República. E unha terceira, de 1939 a 1954, cunha persecución iniciada na etapa anterior co obxectivo de deter aos escapados que fóra do sistema subsisten nos montes, e que se van ir organizando dunha maneira máis complexa e eficaz. Tralo alzamento do 17 de xullo do 36, e sobre todo nos meses de agosto a outubro, desatouse en Galicia unha feroz represión, dirixida contra os militantes dos partidos

republicanos e de esquerda que formaban a Fronte Popular e mailas asociacións anarquistas.

A comarca de Ferrol foi a zona máis castigada. Unha das razóns para escapar nesta primeira etapa foi a de non incorporarse ao exército dos sublevados. Máis adiante, unha vez rematada a guerra, fórmanse partidas guerrilleiras con organización militar, máis ideoloxizadas e baixo a dirección do PCE, e comezan unha actividade de sabotaxes e atentados. A esperanza que mantiña viva á guerrilla era que a vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial terminase co réxime franquista. En 1945 hai un control político do PCE do movemento guerrilleiro e os escapados intégranse nesta organización. *



Os fuxidos agochábanse nos montes galegos; na foto, o Pindo, na Costa da Morte

No campo cultural, o panorama galego foi especialmente desolador. A ditadura de Franco deu, desde o primeiro momento, mostras contundentes do seu desafecto ás linguas e culturas periféricas. O castelán debería ser a lingua única e obrigatoria, e o galego, a pesar de ser a lingua maioritaria en Galicia, viuse reducida ao seu uso informal e secundario. Polo mesmo, a literatura galega case desaparece nos primeiros anos da posguerra, polo que a chama da súa existencia se limita ao que se publica no exilio americano, especialmente en Arxentina, México, Cuba e Uruguai, grazas ao labor dos galegos alí exiliados. En Galicia, na década dos corenta publícanse moi poucos textos en galego: a zarzuela *Non chores, Sabeliña* (1943), de Xosé Trapero Pardo, e os libros de poemas *Brétemas mariñás,* de C. Luís Cuervo, e *Soaces dun abade,* de M. Piñeiro Groba, ambos en 1946. Ao ano seguinte, saen á luz *Cómaros verdes* e *Pontevedra, vila boa,* ambas de Aquilino Iglesia Alvariño. Nesta década tamén se reeditarán *Cantares gallegos,* de Rosalía, *Aires da miña terra* e *O divino sainete,* de Curros Enríquez, así como o libro de poemas *Do ermo,* de Noriega Varela. Tamén aparecen algunhas revistas con textos en galego, como

Celso Emilio Ferreiro dirixirá a colección *Benito Soto*

A zarzuela de Xosé Trapero Pardo é un dos poucos textos en galego da década dos corenta. Na foto, portada da segunda edición

Alba, e novas editoriais con vocación de divulgar textos galegos, como a colección *Benito Soto*, dirixida por Celso Emilio Ferreiro, que se estrea coa obra *Poemas de ti e min*, de X. M. Álvarez Blázquez, ou a editorial Bibliófilos Galegos, que convoca un premio novelístico, cuxo primeiro gañador será o escritor ferrolán Ricardo Carballo Calero coa obra *A xente da Barreira* (1951).

A creación en 1950 da editorial Galaxia marcará o punto de partida para o inicio da literatura propia.

A zarzuela *Non chores Sabeliña*

Cuberta a cor de *Non chores Sabeliña*, primeiro texto en galego publicado despois da Guerra Civil

➜ Xosé Trapero Pardo é o autor da zarzuela galega *Non chores Sabeliña* (1943), á que lle puxo música Gustavo Freire e que foi o primeiro texto publicado en galego na comunidade despois da Guerra Civil. O libreto da zarzuela, ambientada na comarca da Terra Chá, conta a historia dunha parella de mozos e está baseada no asociacionismo lucense. Trapero Pardo naceu en Castro de Rei en 1900 e finou en Lugo en 1995. Cursou a carreira eclesiástica no seminario de Mondoñedo, pero non chegou a exercer. Como xornalista fundou en Mondoñedo en 1930 o semanario *Vallibria*, no que colaboraron, entre outros, Álvaro Cunqueiro; tamén dirixiu o boletín do

Concello de Lugo e o xornal lucense *El Progreso*, sendo neste último onde se xubilou en 1972. Foi cronista oficial de Lugo, director do Museo Provincial da cidade, membro correspondente da Real Academia de Belas Artes de San Fernando e numerario da Real Academia Galega, onde ingresou en 1971, apadriñado por Álvaro Cunqueiro cun discurso dedicado ao seu finado amigo Antonio Noriega Varela. O escritor deixoulle ao Concello de Castro de Rei os dereitos de autor de todos os seus libros e escritos, polo que hai dous anos se iniciaron os contactos para editar en cedé esta zarzuela. A iniciativa levouse a cabo en colaboración co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e cunha produtora. Así mesmo, o coro Lugh e a Orquestra de Xove grabárona en 2009, unha recuperación que xa naceu en 1992 cando a Banda Municipal de Lugo e o Orfeón Lucense interpretaron por primeira vez esta peza, composta inicialmente para orquestra. A grabación foi promovida pola asociación lucense Xungalu e apoiada pola Deputación de Lugo.*

A editorial Galaxia nace logo da disolución do Partido Galeguista, nunha tarefa común dalgúns dos seus membros, como Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Marino Dónega. Crearían tamén a colección *Grial* e a revista do mesmo nome, que chega ata os nosos días.

Castelao participou activamente no goberno galego no exilio. Na imaxe, debuxo da Colección Caixanova

En 1947, a causa do enfrontamento entre o Goberno de Giral, en París, no que participaba Castelao, e os militantes que permanecían en Galicia, prodúcese a fractura entre os galeguistas do interior, a efectos políticos. A unión dos seus membros aquí será para empresas culturais.



Tras Galaxia, aparecen outras editoriais que apostan polas publicacións en galego, como Ediciós do Castro; na foto, portada dun libro sobre Lorenzo Varela

O labor cultural de Galaxia daría os seus froitos anos máis tarde, como a boa semente en boa terra. Xa na década dos sesenta, a aparición da Fundación Penzol –cun valioso fondo bibliográfico galego– e dunha gran cantidade de asociacións

promotoras de actividades culturais e publicacións varias. Entre elas habería que citar, na Coruña, O Facho; en Santiago, O Galo; en Ourense, Auriense, e Abrente en Rivadavia. Nesta lenta, pero eficaz, empresa de recuperación da lingua e a cultura galega, teñen tamén un sitio de honra un número considerable de revistas e semanarios, como *A Nosa Terra*, *Grial*, *Encrucillada*, *Bonaval*, *Braña*, *Obradoiro* e *Verba*, entre outras, así como as editoriais que apostaron polas publicacións en galego, como é o caso de Edicións do Castro, Pico Sacro, Xistral, Edicións Xerais de Galicia e Akal.

Pódese dicir que, ata 1950, a cultura e a literatura galegas mantéñense só no exilio. O núcleo principal atópase repartido entre México e Bos Aires, cun labor tenaz á hora de impulsar libros, revistas, reimpresión de edicións anteriores co fin de manter a continuidade dunha lingua e cultura ameazadas. Como aglutinador e primeiro expoñente deste interese divulgador hai que citar a Castelao, pero sen esquecerse doutros exiliados moi importantes para esta tarefa, como foron Emilio Pita, Luís Seoane e Lorenzo Varela, os tres pertencentes á chamada Xeración do 36 e cultivadores dunha poesía con marcado acento social, especialmente os dous últimos.

O núcleo principal do exilio galego estivo repartido entre México e Bos Aires. Na imaxe, pasaporte mexicano

O EXILIO GALEGO DE 1936

➜ Estivo formado polo conxunto de cidadáns galegos que tiveron que abandonar o país no período comprendido entre o inicio da Guerra Civil e a inmediata posguerra ante o perigo de represalias pola súa significación política na Segunda República en movementos de esquerdas ou galeguistas. O perigo de fuxir a Portugal por terra viña dado pola garda de fronteiras. A integridade dos fuxidos dependía dos contactos que tivesen ao norte do Miño, de parentesco ou con opositores ao salazarismo, aínda que moitos labregos trasmontanos albergaban fuxidos na súa casa a cambio de que colaborasen nas tarefas agrícolas. Por último, hai que ter en conta a existencia de contrabandistas que facilitaban a fuxida ou mesmo documentación a cambio de diñeiro. Unha vez chegados a Portugal, o máis frecuente era o embarque ilegal cara á América, Inglaterra e Francia. Co fin de protexer a vida e coa esperanza de

Foto do primeiro Congreso da Emigración Galega, celebrado en Bos Aires no ano 1956

pasarse ao republicano, moitos conseguiron cambiar de bando, aínda que tiveron que loitar ata o final da guerra no nacional. Houbo os exiliados por azar xeográfico, galegos que no momento da sublevación estaban en territorio leal á República, como políticos, estudantes na Universidade de Madrid e emigrantes. Neste caso, tras a caída de Cataluña, serían internados en

campos de concentración franceses, desde onde procurarían traballo en Francia ou o embarque cara a América. No caso contrario, tiveron que soportar a ocupación nazi e os menos afortunados irían dar a campos de concentración. Outro grupo foron os que se evadiron do cárcere despois do 39 ou se viron obrigados a escapar polas denuncias ou persecucións políticas. A partir de marzo do 46 xa xorde a figura do emigrante legal, grazas ao reagrupamenteo familiar. Ademais de Francia, outro destino, aínda que minoritario, foi a Unión Soviética. Ao rematar a guerra ofrecéuselles a posibilidade ou ben de retornar a España ou de ficar na URSS. Os que non quixeron o regreso foron recluídos na rexión siberiana de Yakutia. Algúns puideron retornar tras a morte de Stalin en 1954. O primeiro Congreso da Emigración Galega, celebrado en Bos Aires en 1956, foi moi importante pola misión que tivo de estudar os problemas específicos e colectivos dos emigrados e de proxección de futuro sobre Galicia.*

1.1. Emilio Pita

Nacido na Coruña (1909), emigrou coa súa familia, sendo un neno, a Arxentina e alí residiu ata a súa morte (1981). A súa primeira obra poética titulouse *Jacobusland* (1942), que foi ilus-



Foto de Emilio Pita, o terceiro pola dereita, acompañado por Luís Seoane, á esquerda, e Isaac Díaz Pardo, á dereita, na sede de Sargadelos

trada por Castelao e na que puxo de relevo a traxedia vivida en Galicia durante a Guerra Civil. Co paso do tempo dará á luz novas obras poéticas, como *Cantigas de nenos* (1944), *Os*



Portada de *O ronsel de verdegal*, de 1964, no que Pita amosa unha actitude crítica ante as situacións inxustas

relembros. As cantigas (1959) e *O ronsel verdegal* (1964). En todas elas hai a común presenza dunha visión crítica ante as situacións inxustas, non só referidas á contenda civil, senón tamén a cuestións de tipo social e político; pero sen perder nunca a preocupación por manter os valores básicos da poesía.

1.2. Luís Seoane

Fillo de emigrantes galegos, naceu en Bos Aires (1910), pero de neno virá vivir a Galicia, na Coruña, onde estudará o bacharelato, para logo cursar a carreira de Dereito en Santiago. En 1936 exíliase en Bos Aires, onde se converterá nun dos dinamizadores fundamentais da cultura galega. Seoane era un home moi polifacético, comprometido en moitas facetas artísticas e cunha gran idea de compromiso coa lingua e cultura galegas. En Bos Aires, as tertulias de artistas galegos no café Tortoni tiñan nel ao seu principal valedor. Foi

Luís Seoane, á dereita, acompañado por Isaac Díaz Pardo, no centro, e Laxeiro



A obra poética de Luís Seoane comeza con *Fardel de eisilado,* publicada no ano 1952

pintor e debuxante, gravador, editor e poeta. A súa obra poética comeza coa publicación, en 1952, de *Fardel de eisilado,* sobre a sufrida epopea da emigración galega.

Retorna a España en 1963 e entra en contacto con Isaac Díaz Pardo, o seu principal valedor aquí. A súa tarefa poética continuará coa publicación de *Na brétema, Sant-Iago* (1955), *As cicatrices* (1959) e *A maior abundamento* (1972). A súa poesía mantén sempre unha dimensión social e política moi crítica, así como unha bagaxe cultural moi notable.

Lorenzo Varela naceu na Habana, na travesía dos seus pais desde Galicia a Arxentina

1.3. Lorenzo Varela

Xesús Lorenzo Varela Vázquez naceu na Habana (1917) durante unha travesía dos seus pais desde Galicia a Arxentina, onde se instalarán como emigrantes. A súa nai regresará con el a Galicia para que poida cursar o bacharelato en Lugo, e logo, Filosofía e Letras na Universidade de Madrid. Alí sorpréndeo a Guerra Civil e non dubida en alistarse de inmediato nas brigadas republicanas. Desenvolverá unha intensa actividade como animador cultural nas trincheiras, tarefa na que coincide co poeta Miguel Hernández. Ao final da contenda ten que exiliarse en Francia, pasando axiña a México, onde traballa como redactor en varias revistas da man de Arturo Cadrado e Octavio Paz. Aos poucos anos, traslá-

Rafael Dieste e Luís Seoane, cos que Lorenzo Varela forxará unha grande amizade

dase a Bos Aires e entra en contacto con outros escritores e intelectuais galegos tamén exiliados. Aquí forxará amizade, especialmente, con Luís Seoane e Rafael Dieste.

A súa actividade poética en galego comeza coa publicación de *Catro poemas para catro*

Cando Lorenzo Varela chega a España a estudar, intégrase no movemento das Misións Pedagóxicas, promovidas pola República. Na imaxe, cartel do Museo do Pobo, das Misións en Malpica

gravados (1944), que servirán para complementar os gravados de Seoane. Dous anos antes publicara en México, na editorial Nova, fundada por Cadrado, Seoane e o propio Lorenzo Varela, o poemario en castelán Torres de amor. En 1954 publica Lonxe, tamén con ilustracións de Seoane, quizá o seu mellor libro en galego. Hai unha veta angustiosa nestes poemas, cuxa orixe áchase na dor de atoparse afastado de España e de Galicia. Tampouco falta nos versos deste libro a veta social e comprometida, na liña de Seoane. Véxase este poema:

Compañeiros da miña xeración mortos ou
asesiñados
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!
Faciamos un feixe de campos e de estrelas,
e ó pisar ise chao que latexaba
sentiamos rubir pola sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de tódolos segredos,
a canzón da herba que resucitou.
E o mismo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.

Morréchedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei aquí, lonxe das vosas sombras.
E agardo, coma un morto,
no centro do silenzo, da sede, da agonía,
o día que vos poda levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!

Cara á América

➜ O exilio galego dirixiuse principalmente cara á América. O destino dependía da situación política na que se atopaba cada Estado e da actitude cara aos exiliados, de portas abertas á máis restritiva. Así, o triunfo de políticas autoritarias en países como Guatemala, Nicaragua, Honduras ou El Salvador supuxera a rutura co goberno da Segunda República e unha actitude belixerante cara aos exiliados; no outro extremo estaba México pola actitude do seu presidente, Lázaro Cárdenas. Para a entrada de refuxiados xogou un papel importante a presenza de emigrantes radicados con anterioridade á Guerra Civil, que por medio de trámites específicos puideron reclamar parentes e amigos. A axuda aos refuxiados canalizouse primeiro por medio do SERE (Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles) e, posteriormente, a través do JARE (Junta de Ayuda de Refugiados Españoles). México foi o destino maioritario do exilio galego, debido á posición institucional de Lázaro Cárdenas e mesmo creou a Casa de España para a actividade de

LA VANGUARDIA

...IDON ORDAS VISITA LOS FRENTES DEL CENTRO

Gordon Ordás, embaixador en México, visitou os frontes republicanos, como recollía en primeira páxina *La Vanguardia* en xuño de 1937

intelectuais españois. Ao estalar a guerra, o Goberno de Cuba mantivo unha actitude encamiñada ao recoñecemento do Goberno nacional de Burgos. Porén, cara a finais de 1937, Fulgencio Batista, nun intento de achegamento ao Partido Comunista cubano, modificou a actitude cara á República. Neste contexto realiza Castelao a súa viaxe, e percorre a illa, participando en numerosos actos. Aínda que Cuba foi un destino de tránsito, os exiliados con vínculos familiares acudiron alí. A reinserción laboral dos exiliados non foi doada, pero moitos traballaron na prensa escrita e en institucións culturais. O ditador dominicano Leónidas Trujillo si permitiu a entrada de exiliados, nun desexo de limpar a imaxe deteriorada internacionalmente. Como

resultado das negociacións cos organismos republicanos chegaron ao país distintas expedicións entre 1939 e 1940 para a creación de colonias agrícolas. En Colombia, malia o apoio do presidente Pumarejo á República, isto non levou á aceptación de exiliados. Porén, o seu sucesor, Eduardo Santos, permitiu a entrada de douscentos refuxiados españois, relacionados coa medicina e a química. No caso venezolano o exilio aparece estreitamente vinculado á inmigración económica; na década dos trinta iniciouse un proceso de modernización que necesitaba man de obra. Brasil foi un destino minoritario e no caso dos galegos só recalaron neste país algúns fuxidos desde Portugal ou persoas que tiñan alí un vínculo de parentesco. O Goberno peruano de Óscar Benavides non favoreceu a chegada dos refuxiados republicanos e non acolleu intelectuais. Chile, baixo a presidencia do Frente Popular, foi xunto con México



Seoane e Díaz Pardo forman parte do grupo de intelectuais que fixeron de Bos Aires o núcleo da galeguidade

o país que amosou unha política máis aberta cos refuxiados dos campos de concentración franceses. A recepción de refuxiados no Uruguai dependeu do clima político, e así, a partir da década dos anos corenta converteuse nun destino máis atractivo, en parte debido ás trabas que atopaban os exiliados republicanos na veciña Arxentina. Foi por iso que Montevideo se converteu no escenario de actos republicanos como a constitución do Consello de Galiza en 1944. Os Estados Unidos foron un destino minoritario do exilio galego, salientando os profesores, que exerceron a súa profesión en diversas universidades estadounidenses. E Arxentina, representada pola cidade de Bos Aires, foi un dos grandes capítulos na historia do pensamento e do discurso literario galegos. Alí encontráronse tres grupos de intelectuais que converteron a capital arxentina no ámbito galeguista máis valioso: está o grupo dos exiliados, como Antón Alonso Ríos, Rafael Dieste, Luís Seoane ou Lorenzo Varela; o grupo dos escritores que residían en Bos Aires antes do 36, como Eduardo Blanco Amor, ou o grupo de intelectuais galegos emigrados tralo 39, como Isaac Díaz Pardo.*

Os poetas da Xeración do 36 viviron a Guerra Civil, ben na fronte ben no exilio

A XERACIÓN DO 1936 2

Forman este grupo os poetas nados entre 1910 e 1920, que viviron con plena conciencia –algúns na fronte– a Guerra Civil española. Homes e mulleres formados na cultura aberta da Segunda República e discípulos directos da Xeración Nós. Algúns deles tiveron que exiliarse, como Luís Seoane e Lorenzo Varela, e a maioría sobreviviron como puideron na pobre Galicia da posguerra. Poeticamente, cada un foise encadrando naqueles movementos que lle resultaban máis afíns e buscando a mellor dirección para a súa inspiración poética, de tal xeito que, desde a perspectiva de hoxe, poderiamos falar deles agrupándoos por estilos ou tenden-

cias. Así, dentro do que se coñece por neotrobadorismo –utilización das formas trobadorescas propias da poesía galego-portuguesa dos séculos XIV e XV– podemos situar a Xosé María Álvarez Blázquez (*Cancioneiro de Monfero*, 1953) e, especialmente, a Álvaro Cunqueiro, autor de *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933) e *Dona do corpo delgado* (1950).

Busto de María Mariño en Noia, a quen se lle dedicou no 2007 o Día das Letras Galegas. Foto: S. Balvís

Atopamos a poetas cun gusto especial polo clasicismo, por certas formas e metros clásicos, como poden ser Ricardo Carballo Calero (*Anxo da terra*, 1950; *Poemas pendurados dun cabelo*, 1952, e *Salterio de Fingoi*, 1961), Xosé Díaz Jácome ou Aquilino Iglesia Alvariño (xa estudado no libro anterior), tamén encadrable dentro doutro movemento coñecido como ruralismo, no que habería que incluír a Xosé María Díaz Castro (*Nimbos*, 1961). Nunha liña distinta, moito máis intimista, atopamos a María Mariño, na-

Vallibria

Mondoñedo, 21 de diciembre de 1930

PANTOSCOPIO

Horas de locura

TEMAS FAMILIARES

LA EDUCACION DE LOS HIJOS

Visado por la Censura

Xosé Trapero Pardo fundou *Vallibria* en Mondoñedo en 1930 e nel colaboraron, entre outros, Cunqueiro, Iglesia Alvariño e Díaz Jacome

cida en Noia (1907) e morta en Parada do Courel (1967). E, finalmente, teriamos aos poetas do socialrealismo, representados por Luís Seoane e Lorenzo Varela, xa comentados, e a gran figura de Celso Emilio Ferreiro. Sen dúbida son, de toda esta Xeración do 36, os de maior transcendencia e coñecemento.

O NEOTROBADORISMO

➜ Ademais da asimilación do espírito das vangardas, o neotrobadorismo é unha das correntes polas que se desenvolveu a poesía galega na primeira metade do século XX tras o descubrimento da poesía medieval galego-portuguesa. Xa era coñecida a existencia dos

O neotrobadorismo galego asóciase co neopopularismo de Lorca ou Rafael Alberti, quen nesta foto aparece (no centro) con Luís Seoane

cancioneiros, pero grazas á edición preparada por José Joaquim Nunes (1928), a lírica medieval tivo unha gran difusión. Aínda sendo un movemento mimético (imita sobre todo á cantiga de amigo e amor), supón, fronte á poesía de tradición decimonónica ou a combativa das Irmandades da Fala, unha renovación diferente á levada a cabo polos

ismos vangardistas. A poesía neotrobadoresca caracterízase por unha extraordinaria perfección formal, clasicista, que recupera procedementos estilísticos da lírica dos cancioneiros, pero coa sensibilidade do século XX. Paralelamente, tamén se dá unha reivindicación e utilización das formas populares na poesía, sobre todo no que afecta ao ritmo e á métrica. Esta afección polo popular asóciase co neopopularismo de García Lorca, Rafael Alberti e outros poetas en español da xeración contemporánea do neotrobadorismo. Este movemento converterase nunha moda, con gran número de cultivadores. O máis representativo, xunto con Bouza Brey, será Álvaro Cunqueiro, pola súa habilidade imitativa e a súa personalidade creadora. Esta corrente poética continúa na posguerra, impoñéndose como unha actitude evasiva que adoptan os poetas ante a dura realidade. Xosé María Álvarez Blázquez pon fin a esta tendencia en 1953 coa publicación do seu *Cancioneiro de Monfero*, que fai pasar por un auténtico cancioneiro do século XIII. ✸

A Historia da Literatura Galega 17

Celso Emilio Ferreiro considérase o máximo representante en Galicia da poesía social

CELSO EMILIO FERREIRO 3

A Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912 – Vigo, 1979) considéraselle o máximo representante en Galicia da poesía social, ao nivel do que foron no ámbito da poesía castelá Blas de Otero e Gabriel Celaya. Con todo, no poeta galego atópanse outras vetas poéticas de grande alcance e valor literario, como un gusto polo experimentalismo neovangardista, unha tendencia ao existencialismo e ata unha delicada aproximación á poesía amorosa. Moitas cordas distintas no seu violín poético.

Celso Emilio Ferreiro, á dereita, co poeta Ernesto Cardenal, en Madrid (1977)

O seu interese polo galeguismo e pola literatura aparecen simultaneamente e moi cedo. Moi novo, fundou Mocidade Galeguista en Celanova e publicou, en colaboración con Xosé Velo, o seu primeiro libro poético, *Cartafol de poesía* (1933). Estivo na fronte, como soldado de recrutamento no lado franquista, e rematada a guerra, instálase en Pontevedra, onde dirixe a colección de poesía Benito Soto. Está moi vinculado a variadas empresas culturais de Pontevedra e Vigo, onde se trasllada a vivir nos primeiros anos cincuenta, codirixindo a revista *Alba* e colaborando noutras como *Litoral*, *Papeis de Son Armadans* ou *Vieiros*.

A comezos dos anos sesenta participa en actos de reafirmación nacionalista, e o éxito que obtén entre o público intelectual a súa *Longa noite*

de pedra (1962) conclúe nunha homenaxe popular que se lle rende ao poeta en Ourense, en maio de 1966. O acto serviu, de forma indirecta, como compromiso dunha parte da sociedade galega contra a ditadura franquista. Ese mesmo ano marcha a Venezuela como emigrante, esperando atopar unha Galicia máis libre e concienciada, pero vese totalmente defraudado ao atoparse con outra realidade moi distinta. Contra esta escribirá o seu libro máis polémico, *Viaxe ao país dos ananos* (1968), enfocado desde o sarcasmo e a ironía.

Regresa de América en 1973 e instálase en Madrid, onde gaña a vida como xornalista. Volve introducirse en actividades literarias e políticas ata a súa morte, en agosto de 1979.

3.1. Obra poética

Aínda que os primeiros poemas de Celso Emilio remóntanse a 1935, será en 1931 cando apareza *Musa alemá*, na colección *Benito Soto*, quince poemas en galego, versións doutros tantos de poetas alemáns. Realmente a súa primeira obra é de 1954, *O sono sulagado*. Traballo dun autor xa maduro, que debuxa nela as liñas que haberán de marcar



Busto de Celso Emilio Ferreiro en Celanova, a vila onde naceu

toda a súa produción posterior. En *O sono sulagado* atopamos algúns dos mellores poemas escritos por Celso Emilio en toda a súa vida literaria. Son poemas que falan de problemas existenciais, da súa inquietude vital, poemas intimistas nos que non faltan alusións ao amor á súa nai e ao amor á muller.

O MEDO

Cando o corvo da noite se pousaba
nas derradeiras luces do solpor,
os meus ollos de neno
enchíanse de bágoas e de lóstregos.

O vento que fungaba nas vereas
era un home langrán envolto en brétema
cun fol ó lombo para levar meniños.

Os albres semellaban
pantasmas de cabalos desbocados
agallopando os eidos.

Un medo que me viña das raíces do mundo
tremíame no sangue.

Pasaba o xornaleiro asubiando
con dous luceiros prendidos na eixada,

i eu tiña medo.
Pasaba o cazador
con bafexantes cans
arrecendendo a toxos e a carqueixas
i eu tiña medo.

Pasaban de ruada os fortes mozos
que voltaran da guerra tan contentos,
i eu tiña medo.

Ao pasar ó meu lado e verme os ollos,
alporizados, pasmados, decíanme:
«Non teñas medo»,
i eu tiña medo.

Soio cando chegaba ós meus ouvidos
a doce voz de mel da miña vella,
eu xa non tiña medo.

Agora non comprendo
como aquel ser cativo,
aquela vella nena tan endébel,
(nos seus ollos azures
había luces de amenceres novos)
podía escorrentar tan grande medo.

Foto do poeta nun recital en Segovia, en 1976, cedida polo seu fillo Luis Ferreiro

(O SONO SULAGADO)

Este libro quedou inxustamente relegado a un segundo lugar polo éxito que obterá a seguinte obra do poeta de Celanova, *Longa noite de pedra* (1962). Neste libro predomina a forza crítica, a poesía contundente, de protesta, de denuncia, todo o cal axudará a que moita xente empece a tomar conciencia da realidade cultural, social e política de Galicia. Por iso este libro convértese nunha obra imprescindible para coñecer a evolución da poesía galega nos anos posteriores.



Celso Emilio Ferreiro amosa na súa poesía a protesta, a crítica e a denuncia da realidade cultural, social e política de Galicia. Na foto, en Madrid, en 1976

LONGA NOITE DE PEDRA

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

(LONGA NOITE DE PEDRA)

Foto do poeta en Celanova debaixo do busto de Curros Enríquez

Nas seguintes obras, *Viaxe ao país dos ananos* e *Cantigas de escarnio e maldezir* (1968), o poeta dá renda solta á súa vea satírica e dalgún xeito intenta axustar contas con determinados sectores do mundo da emigración en Caracas. Acúsaos de frustrar as súas esperanzas de atopar alí ese ambiente mítico da emigración, co seu caldo de cultivo adecuado para vivir en liberdade dentro dun respecto e amor á cultura e ao galego.

O seguinte libro será *Terra de ningures* (1969), que continúa a liña neopopularista na que se instalou coas dúas obras anteriores, especialmente con *Cantigas de escarnio e maldezir*. Ese mesmo ton conservarase en *Paco Pixiñas* (1970) e tamén no seguinte libro, *Antipoemas* (1972) ou en *Cimeterio privado* (1973). O último libro publicado en vida será *Onde o mundo chámase Celanova* (1975), que, en posteriores edicións aparecerá corrixido como *Onde o mundo se chama Celanova*. E aquí segue por unha banda a liña sarcástica, irónica e crítica, mesturada con outra moi propia tamén del, como é a melancólica e sentimental, por exemplo nos extraordinarios poemas de amor que teñen como referente á súa muller, Moraima. Véxase como exemplo este:

XANEIRO 1972 II

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a espranza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.

Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse a mar en calma.

Cando quero surrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
e ponse a mar mansa.

(Onde o mundo se chama Celanova)

Postumamente, apareceu o *Libro dos homenaxes* (1979) cunha serie de poemas dispersos, algúns inéditos e outros recollidos xa en títulos anteriores.

Como xa dixemos, a influencia de Celso Emilio na poesía galega é enorme; traspasa ata os límites da literatura para alcanzar o ámbito político-social. Os seus textos serviron, máis que os de ningún outro escritor, para cancións dos cantautores galegos dos últimos anos do franquismo, e así se fixeron populares entre a xente do pobo. Por iso, a súa poesía de intención social serviu de modelo a moitos outros poetas posteriores.

Celso Emilio Ferreiro cultivou tamén a prosa e mostra da súa boa man son os títulos *A fronteira infinda* (1972) e *A taberna do galo* (1978).

O último libro publicado en vida do autor foi *Onde o mundo se chama Celanova*

Os poetas nacidos entre 1920 e 1930, que alternan o galego e o castelán, establecen unha ponte entre xeracións. Na imaxe, Luz Pozo Garza. Foto: Kopa

A PROMOCIÓN DE ENLACE 4

Constitúena unha serie de poetas nacidos entre 1920 e 1930, que empezaron a publicar a mediados dos corenta, alternando ás veces o galego co castelán, que toman os seus modelos desta última literatura, e que, naquel ambiente de penuria literaria e cultural, axudan a establecer unha ponte entre a xeración anterior e a seguinte. Entre estes poetas merecen ser destacados Antón Tovar (1921) e Luz Pozo Garza (1922), autora dunha serie de obras que foron gañando en perfección a medida que se foron sucedendo, como *Códice calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* (1992) ou *Vida secreta de Rosalía* (1996). O terceiro desta promoción de enlace podería ser, Manuel Cuña Novás (1926-1992) con títulos como *Fabulario novo* (1952), entre outros.

O Café Tortoni

➜ O Café Tortoni está no 825 da avenida de Maio, en Bos Aires. É o máis representativo do espírito tradicional da devandita avenida e unha lenda da cidade. Na actualidade segue sendo un lugar de difusión cultural e turístico por excelencia. Sábese que foi inaugurado en 1858, pero existen dúas versións respecto ao porqué do seu nome: unha delas di que un inmigrante francés nomeouno Tortoni dado que así se chamaba un establecemento do

O Café Tortoni está no número 825 da avenida de Maio, en Bos Aires, e foi o punto de encontro dos intelectuais galegos no exilio

Boulevard des Italiens onde se reunía a elite da cultura parisiense do século XIX. A outra versión afirma que foi un tal Oreste Tortoni quen tería establecido o café. No local funcionou La Peña, inaugurada en 1926, que fomentou a protección das artes e as letras ata a súa desaparición en 1943 e que era capitaneada por Benito Quinquela Martín; realizou tarefas de difusión cultural mediante concertos, recitais, conferencias, debates, etcétera. Usaban a bodega, no subsolo; o dono diría que os artistas gastaban pouco, pero que lle daban fama ao café. Entre os asistentes encontrábanse os puntais da intelectualide galega no exilio nos anos cincuenta, como Eduardo Blanco Amor, Rafael Alberti, Rafael Dieste, Luís Seoane e Lorenzo Varela, ademais de Federico García Lorca, José Ortega y Gasset, Jorge Luis Borges, Carlos Gardel e Albert Einstein. Na actualidade segue sendo un atractivo turístico e lugar de encontro de intelectuais, artistas e políticos.*

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura